



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

30

Estrela:

Acudime meus vesiños  
pareull'a ghata ió Neghreira  
e non lle qué-los ghatiños

Domingos:

[se non lle quer os] ghatiños  
reparo por reparare  
heichoh de dar logho á túa filla  
moso qu'os poda criare

E:

ã miñã fillã é boa  
darásmell'un bo fousiño  
e mánda-la pr'onha croa;

D:

tocámo-la pandeireta  
eu non sei que raio quere  
eu teño de ghrandesas  
eu cantar cunha mullere;

E:

o estado cho requer  
mädía levas Neghreirã  
encontrarte cunha mullere;

D:

pra cantar cunha muller  
tropas en Válladolí  
eu cun bofetón  
tumbo sinco coma ti;

E:

e ti ére-lo meu vesiño  
pasoch'a man pola portã  
i äfreghoch'o fusiño;

D:

por cuenta de tanto tempo  
miña Virghen da Balansã  
e porque somos vesiños  
por eso temos confiansa;

E:

...Olveira  
Domingo pillã prä adiante  
a vai fasé-la milleira;

D:

vente ti conmigho Estrela  
á iherba con alcasén  
porqu'antre dúas suvencas  
os carriños tiran ben;



- E:  
Robedos con Roboredos  
pra ghaná-lo pan Domincos  
non podemos estare quedos;
- D:  
[voume xa marchar] prá casa  
porque eu son aquí solo de homes  
e sa tou eu comprendendo  
Estrella que ben me podes;
- E:  
Robedos con Roboráns  
o 'staremos aquí na pista  
esta é vida de cans;
- D:  
deisate estar compañeira  
non faghas perda do tempo  
qu'adevertímo-la sente  
e eu sempr'estou contento;
- E:  
esta nuit'hei de dormire  
e dormir nã miñã camã  
retirateme Domincos  
que non vén alí Soana;
- D:  
pos cando vaias dormire  
que me quer caer un dente  
avisaráhme logh'a min  
eu quero dormir ca sente;
- E:  
... túa  
está virada do cu  
agharrall'o trator Domincos  
e arrebolallo ó cu;
- D:  
foronme chamar á casa  
como s'eu fora moi listo  
e troughenonme no coche  
como se fos'un ministro;
- E:  
voume prá pedra do lare  
mira qu'é boa verghonsa  
tervor aí os de Vilare;
- D:  
ti deisate 'star tranquila  
a iherba con alcasén  
antre tod'os de Raghüell'  
un de Vilar mantémo-lo ben;
- E:  
pon o paniño á touca  
fui boa perda non vir  
unha do lughar da Revouta;



D:  
teño darvos qu'ha'strar hose  
coa roupa da sumana  
s'hai alghún cantador dentro  
que mo manden prá ventana;

E:  
à fonte vella cáfu  
o lambón de Neghreira  
non pode pasá-lo río;

D:  
non podo pasá-lo río  
trah do inverno vén o vran  
non podo marchar prá casa  
sen vé-lo bolo do pan;

E:  
voltei o ighirighí  
eu cantando na regheifa  
como vinte coma ti;

D:  
asudadem'aquí todos  
que non téis sangue noh dedos  
que chos comen'os piollos;

E:  
[alabado sea 'l] santísimo  
sacramento del altare  
vaia que sin'imos tere  
Dominquiños no lughare;

D:  
sa sabemos compañeiro  
asudadem'a cantar  
qu'eu cando estoi en Raghüelle  
porque estoi 'ntorisado;

E:  
o estado mo requiere  
imos a suntá-la sente  
pensando que casas dere;

D:  
a túa casa Estrela  
cuberta cunha mantela  
cántoh ratos hai en Raghüelle  
pasean por riba dela;

E:  
... vista  
esta vai sé-la última  
pasiá-la señorita.